

ARTE

As figuras embarazadas de Renata Otero

A represión sexual foi unha constante na historia occidental fronte a outras culturas orientais nas que o sexo se sublimaba e era "regalo dos deuses". Hoxe a penas nos separan unha ou dúas xeracións (segundo os países) da liberdade sexual como se entende no noso contorno. Durante moitos anos (e en España non están tan afastados eses tempos) a muller ocultoulle o corpo á súa parella polo temor a pecar; tapáronse imaxes por impúdicas ou agocháronse obxectos tan inanimados como as patas dunha mesa por suxerir unhas pernas femininas tentadoras, tal como describían autores na Inglaterra Victoriana. En tal contexto non era de estrañar que a Viena subversiva de Klimt excluíse unha obra pictórica onde se clamaba a carnalidade, entre outras manifestacións, con mulleres exhibindo prominentes barrigas, e por se non fose elocuente, envolvéndoas en alegres cores entre as que se podía percibir elemento tan xerador de vida como o seme humano.

A obra de Renata Otero nace nun contexto ben diferente á opresión sexual. É unha obra autobiográfica, onde a artista actúa como guía, conducindo un séquito de adeptos que intentan comprender e vivir de cerca os primeiros meses do seu primeiro embarazo.

A obra preséntase en Santiago nun contexto relixioso, concretamente nunha igrexa, ámbito onde os fieis puideron adorar ou contemplar durante séculos o repetido tema do nacemento en múltiples manifestacións. A compostelá igrexa da Universidade ábrese con esta exposición e acolle novos ventos renovadores.

Nas instalacións desta artista propiciase a natalidade. Un grupo musical axuda a isto con ritmos de balbordo, axetreo, estímulos que enxendran vida. Outros elementos explícitos, os espermatozoides, son o anagrama que exhiben as camisolas que locen



Renata Otero, na súa exposición na igrexa da Universidade compostelá

os músicos. En toda a obra vívese o tema da maternidade como algo positivo e afirmativo dun ser que non quere diluírse na nada, ó tempo que decide aventurarse na incógnita de descubrir unha situación descoñecida.

A maternidade non é concibida por Renata Otero como un couto privado feminino; os homes tamén poden concibir encarnando esa hipotética especie capaz de fecundar que o espectador xa tivo ocasión de ver en máis dunha película. O sexo masculino esvara gravado en imaxes de vídeos coma se foran cabaliños de mar. O masculino panfeminizouse.

Estamos ante unha obra estimulante que pretende crear espírito de grupo. Homes, mulleres e todos os que se achegan a presenciar estas instalacións poden convivir, nun espazo lúdi-

co, experimentar a sensación de estar embarazados. Personalidades da cultura e amigos da autora foron filmados cunha falsa barriga; despois foron recortados, quedando a súa fotografía en forma de silueta e as súas meditacións recensionadas tal como un "bocadillo reflexivo". Manifestacións, por certo, case sempre positivas, anque o estado de natalidade siga outros vieiros. A participación do público é perceptiva e sensorial, sentindo incluso os latexos dun suposto non nato.

Esta frase transitoria da vida, limitada na maioría dos casos a nove meses de xestación, non queda culminada polo acto de lanzar ó mundo un novo ser. Os pais ocupan un papel fundamental na súa educación. Así o entende a artista na instalación composta por unha imaxe antropomorfa ramificada nos seus pés que suxiren camiños, encrucilladas da vida con todas as súas continxencias.

O espectador camiña pola obra ata chegar a un berce un tanto *kitch*, pretendendo arrolar un suposto naipe, pero con sorpresa e estupor contempla o rostro nada agraciado dun adulto. Renata Otero puxo en lugar da cara do acabado de nacer unha imaxe virtual; a súa face, a do hipotético crío, é unha ilusión, unha imaxe que emana dunha pantalla televisiva. Nesta obra subxace unha mensaxe moralizante encarnada no continuo labor que significa traer un neno ó mundo e non limitada unicamente á infancia.

Estamos ante unha arte posta ó servizo da vida e da multitude, e afastada do soporte histórico. Xa non é táboa o eixe da instalación senón que se traballa con materiais flexibles e cambiantes nos que a artista se define como unha muller máis no seu papel de nai, enxalzando co seu traballo un acto humano, natural e fermoso, e desmitificando a imaxe do creativo como un ser único, xenial e superior.

Fátima Otero

CINE

Entretemento

Nunca dou aclarado se era Miguel Delibes ou Cela o que dicía que Umbral escribía coa mesma facilidade coa que mexaba. Pois igualiño lle ocorre a Woody Allen facendo películas; prodúceas cunha facilidade de envexa, saénlle, agroman do seu caletre creativo con tanta forza que nin tempo lle dá a madrecelas, repousalas. Unha por ano vén filmando ultimamente e de ningunha se pode dicir que carece de méritos. 'La maldición del escorpión de jade' non é unha obra mestra, non conta ningunha historia transcendental, non chega nada en orixinalidade ou factura técnica, pero é tan fluida a secuenciación, tan corrente nos diálogos e conta con tantas argucias de pillaban por momentos que calquera queda atento ata o remate por máis que saiba do seu desenvolvemento e desenlace.

O cine de Allen é coma esa escritura transparente, limpa e case invisible dalgúns escritores tan difícil de conseguir e que tan doada se fai para o lector. Un sentase na butaca e desprecúpase, abandónase, ri polo baixo, remoe na última frase vertixinosa ó tempo que se prepara para a seguinte, ule a intelixencia e participa do enxeño que se ve chegado case ó convencemento de que realizar un filme así non esixe esforzo, resulta ó alcance de calquera. E non. Esa limpeza no ritmo do diálogo, esa cadea de secuenciacións sen que se produza a máis mínima fisura e esa música magnífica que tan ben nos ensinou o que foi e segue a ser New York non é quen capaz de lograla a non ser que se parte un tanto de artesanía e xenialidade de Allen. Polo demais, nada que non se saiba. Allen enxeñoso, bufón, perdedor (gañador), unha acompañante adecuada (Helen Hunt), aínda que non tan marabillosa como lin na maioría das críticas, unha Charize Theron que me decepcionou despois de namorarme en 'La otra cara del crimen' e pouco máis, porque o resto dos actores son simples comparsas ó servizo do dúo de odio-amor que manteñen Hunt e o xudeu. Fáltalle sen dúbida acidez, mordacidade e agullas tanto á trama coma os diálogos. Non escaravella por debaixo do sorriso, como adoita facer noutras ocasións, trasladándonos do trivial ó miolo sen trastornos, tal vez porque a sinxeleza da historia de hipnose e a ambivalente relación de odio desexo entre os protagonistas aparece demasiado explicitada, pero aínda así é unha película de Woody Allen: o entretemento está garantido. E pillarán migallas de intelixencia, sempre saltan.

Miguel Suárez Abel

A Caixa galega do século XXI

caixanova

